



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DO TRIBUNAL CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS DE BRIGADA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026.

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000009

En Camariñas, a vinte e catro de xullo de dous mil vinte e cinco, sendo as 9:30 horas, na Clínica EV Medical (Carballo), reúnen os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación de tres peóns de Brigada para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026.

Presidente/a: Francisco José Puga Bestilleiro, persoa laboral do Concello de Camariñas.

Vogais:

D^a Dolores Lema Mouzo, persoal laboral do Concello de Camariñas.

D. Luís Carreira Martínez, funcionario do Concello de Camariñas

Secretaria: D^a Margarita Seijas Carballal, persoal laboral do Concello de Camariñas.

Dada a presenza do presidente, da secretaria así como de dous vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación do tribunal, polo que este procede:

Primeiro: A examinar, a través da lectura individual por cada un dos membros do tribunal, a lista definitiva dos aspirantes admitidos, a fin de verificar a existencia ou ausencia de causas de abstención e recusación dos arts. 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e de non ter realizado tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas nos últimos cinco anos e de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 29 de outubro polo que se aproba a Lei do estatuto Básico do Empregado Público que esixe que a pertenza aos tribunais de selección o sexa a título individual e non se actúa en representación e por conta de ningún.

Segundo: O presidente do Tribunal recorda a todos os membros do tribunal o deber de sigilo profesional e confidencialidade dos asuntos e dos datos que se tratan como consecuencia da súa participación como membros deste e da obriga de gardar un absoluto sigilo profesional en todas as materias que non sexan de publicación oficial e aquelas que aínda séndoo, non fosen publicadas aínda, co obxectivo de evitar calquera filtración.

A continuación, de conformidade coa base 7^a da convocatoria, procédese á realización da primeira proba da oposición (de carácter eliminatorio): Proba física de esforzo físico que consistirá na realización dunha proba física de esforzo que permita garantir as condicións de saúde precisas para o desempeño do posto de traballo.

Ás 9:36 horas comeza o chamamento dos aspirantes admitidos polo seu nome completo, comprobando a súa identidade mediante a presentación do DNI, co seguinte resultado:

NÚM.	APELIDOS E NOME	PRESENTADO/NON PRESENTADO
1	LEMA MARTÍNEZ, FLORINDO	PRESENTADO
2	LUACES CASTRO, DANIEL	PRESENTADO
3	SANTOS LEMA, JAVIER	PRESENTADO

A continuación o Presidente do Tribunal dá aos aspirantes as oportunas instrucións sobre a realización da primeira proba.

Sendo as 9:39 horas, en presenza do tribunal realízase por D^a. Dairis Echazábal Martín, médica con número de colexiada 151514173, a proba física de esforzo físico aos



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

aspirantes admitidos presentes, sendo o resultado da proba segundo a facultativa o seguinte:

NÚM.	APELIDOS E NOME	RESULTADO
1	LEMA MARTÍNEZ, FLORINDO	APTO
2	LUACES CASTRO, DANIEL	APTO
3	SANTOS LEMA, JAVIER	APTO

Seguidamente, sendo as 10:40 horas dáse por rematada a proba física de esforzo e o tribunal, por unanimidade dos seus membros, á vista do resultado da primeira proba da fase de oposición e de conformidade coas bases da convocatoria acorda:

Primeiro: Declarar aptos aos seguintes aspirantes:

Aptos:

NÚM.	APELIDOS E NOME
1	LEMA MARTÍNEZ, FLORINDO
2	LUACES CASTRO, DANIEL
3	SANTOS LEMA, JAVIER

Segundo: Facer público (in voce) o resultado desta primeira proba da fase de oposición.

Terceiro: Convocar (in voce) aos aspirantes declarados aptos para a realización da segunda proba da fase de oposición, proba práctica, que terá lugar o día 28 de xullo de 2025, ás 12:00 horas, na Área Recreativa do Ariño - Xaviña.

Cuarto: Facer público no taboleiro de anuncios do Concello os anteriores acordos.

Seguidamente redáctase a acta da sesión dándose lectura a esta ante os membros do Tribunal sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que se autoriza coa sinatura da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 10:43 horas do día da data, do que como secretaria dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace
O Presidente,
Asdo.: José Francisco Puga Bestilleiro

A Secretaria,
Asdo.: Margarita Seijas Carballal